

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 02/05/2013, aprobáronse as liquidacións correspondentes aos seguintes padróns:

- ✦ **padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos complementario do correspondente ao 1º trimestre 2012.**
- ✦ **padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos complementario do correspondente ao 2º trimestre 2012.**
- ✦ **padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos complementario do correspondente ao 3º trimestre 2012.**
- ✦ **padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos complementario do correspondente ao 4º trimestre 2012.**

Conforme o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais en aplicación do disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aprobou o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, **quedan expostos ao público durante o prazo de 15 días para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas dende a publicación do correspondentes anuncios no Boletín Oficial da Provincia.** Os anuncios teñen carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as débedas consignadas nos padróns contributivos e notificadas colectivamente mediante o respectivo anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- de Reposición, perante a alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
- Contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.
- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Infórmase ademais dos períodos de pago en voluntaria:

<b>Tributo</b>	<b>Data inicio período voluntario(*)</b>	<b>Data fin período voluntario(*)</b>
Taxa pola prestación do servizo relacionado coa hixiene urbana, en concreto co feito impositivo recollido no seu artigo 2.1a) da ordenanza municipal do Concello de Ames complementario do correspondente ao 1º trimestre 2012	<b>03 de maio de 2013</b>	<b>10 de xullo de 2013</b>
Taxa pola prestación do servizo relacionado coa hixiene urbana, en concreto co feito impositivo recollido no seu artigo 2.1a) da ordenanza municipal do Concello de Ames complementario do correspondente ao 2º trimestre 2012	<b>03 de agosto de 2013</b>	<b>10 de outubro de 2013</b>
Taxa pola prestación do servizo relacionado coa hixiene urbana, en concreto co feito impositivo recollido no seu artigo 2.1a) da ordenanza municipal do Concello de Ames complementario do correspondente ao 3º trimestre 2012	<b>08 de novembro de 2013</b>	<b>10 de xaneiro de 2014</b>
Taxa pola prestación do servizo relacionado coa hixiene urbana, en concreto co feito impositivo recollido no seu artigo 2.1a) da ordenanza municipal do Concello de Ames complementario do correspondente ao 4º trimestre 2012	<b>07 de febreiro de 2014</b>	<b>10 de abril de 2014</b>

**(\*) ámbolos dous inclusive.**

**Lugar de ingreso:** En calquera oficina das entidades bancarias colaboradoras, empregando os instrumentos de ingreso (recibos), que se enviarán o domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ao pagamento poderá, ata o día de fin do

pago en voluntaria que corresponda, obter un duplicado nas Oficinas de xestión de augas do Concello de Ames sitas en:

Bertamiráns: Ru/ do Agrelo nº 7 BJ Tfno. 981 89 07 76

Milladoiro: Ru/ de Abaixo nº 10 BJ Tfno. 981.53.63.15

e-mail: [ames@espinaydelfin.com](mailto:ames@espinaydelfin.com)

Os contribuíntes que non tivesen recibidos nos seus domicilios os instrumento de ingreso disporán do mesmo prazo, para solicitalo na oficina indicada, e efectuar o pagamento nas entidades bancarias, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento, e non impide a utilización da vía de constrinximento.

**Días de ingreso:** días hábiles, no horario de caixa establecido polas entidades colaboradoras referidas para o pagamento dos recibos non domiciliados.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento de constrinximento, o devengo do recargo e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no artigo 26 e 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Poderá solicitarse fraccionamientos ou aprazamentos e de acordo coa resolución de Alcaldía 2186/2012, de 16 de outubro, os criterios de concesión serán:

- ⤴ Débedas ata 300,00 € (ata un máximo de un doce meses).
- ⤴ Débedas entre 300,01 € e 1.500,00 € (ata un máximo de dezaioito meses)
- ⤴ Débedas superiores a 1.500,01 € (ata un máximo de vinte e catro meses).

Polas cantidades fraccionadas ou aprazadas non se esixirán xuros de demora, en virtude do Decreto 2378/2012.

Os modelos están á súa disposición no rexistro xeral do Concello, nas oficinas do Servicio Municipal de Augas e nas páxinas web do Concello de Ames e da empresa Espina & Delfín.